



OU ZANFONA SEMANAL—D' ALEGRIAS OU DE BÁGOAS,—SEGUN QU' O POBO GALLEGOS' ADIVIRTE, CANTA OU LAYA.

#### PRECIOS DE SUSCRICION

N-a Cruña, OITO cadelos pequenos ó mes—Fora NOVE id.—Número solto UN can grande

#### NOSA FILICITACION.

— A ver, siñores; ¡hay por ahí alguén que teña xéneros averiados de comer, beber, arder, vestir ou calzar?

Pois que non s' apure porque n-as demais prazas ll' os rechacen: aquí estamos nosoutros que temos ló tragadeiro; as nosas goxas son ben anchas e o mesmo nos colo por elas unha parti la d' abadeixo pescado o ano d' a fame, que viante bocoyes de viño vindimado n-o Pico-Sacro, ou que mil sacas que poidéramos chamar de *fariña de trigo industrial*, d' ese trigo que se ri d' a perda d' as cosechas e que non necesita de rogativas pra venderse, amassarse, cocerse, comerase e.... facer estoupar á quem o coma.

Si siñores; según cantan crónicas, por ahí (ou por aquí, si á min tocoume xa comer d' él) deben andar hastra mil sacas d' un trigo qu' analizado particularmente resulta que viaxa con cédula falsa, pois así é él trigo como Melgares era o individuo que rezaba n-a sua cédula persoal, sinón solamente un produto industrial qu' está pidindo á voces un premio pr' os inventores e.... un condino castigo pra os que saquisean a salú pública ás especulacions; así como tamen nos proba qu' a *mopia* está mais estendida d' o que podíamos supoñer e qu' á credencial de certos destinos debia acompañar un par d' anteollos d' os de maior gradoacion.

Os especuladores qu' consumaron o negocio calcularian ben as ganancias; pro á ben seguro qu' omitirian o cálculo humanitario de que mil sacas son oito mil arrobas igoales á duas centas mil libras de fariña, que representan tres centas mil de pan... falsificado, que contendo por forza materias nocivas debe precisamente producir unhas ou outras enfermedades, pois repartido por igoal salimos cada veciño á seis libras por barba, ou por hora os barbilampiños.

Certo é qu' o mal *disnunye* en proporciós si se atende á qu' esas fariñas empearánse n-o pan inferior que comen os probes, que non tendo outra base d' alimentacion están mais espertos á sofrir a aucion perniciosa qu' esas fariñas exercen seguramente n-o organismo; pro os probes son a carne de cañon, e a tutela d' as autoridades non debe alcanzarles.

Esto chámase favorecer ó comercio de boa fé, digo, favorecer de boa fé ó comercio; os tempos están moi malos e cando se presenta en choyo hay que fincarlle os dentes, sin esquecer qu' os melhores cheyos son os sucios: ¡qué demoutre! nosoutrolos gallegos temos mellores goxas que nadia, e ademais como aquí ninguén dá un chio, to lo s' arregla ben e á gusto.

Pol-o dito filicitamos de to las veras ós dinos especuladores que tan ben librados saliron e ósen car-

gados de velar pol-a salú pública pol-a prespicacia e celo que demostran, aconsellándolles á uns e á outros que percuren non comer d' o pan en qu' esa farinha entre, pois seria lástima que se llesenvixigase a loca, e deixenó pra os demais cibladanos qu' á esas e á outras cousas nos ten afeitos o abuso.

## LERIAS

### VAMOS SIGUINDO CO-A MÚSECA

—Hoxe é domingo, Mancho, e temos qu' ir á votal-o puchero á taberna de Goros; ó fin este mundo aquí ha de quedar mais pronto d' o que nos quixéramos.

—Tés razón: o demo d' a caña está barata e pol-o mesmo ó alcance d' as nosas *fortunas*; ivení os industrias amburgeses qu' así aproveitan os *caldos* d' os comis! E un vásamo, como ái o maeso, é o *confort* d' os probes.

—Bah, eu creo qu' esa medicina faise en todolos países, pois está tan adiantadá a industria que non hay buchinche donde non se frabique, y-en fólgome de qu' as industrias se xeneralicen pra que non sean solos os almacenistas d' a Cruña os que vayan ó inferno: nos ó cabos bebémol-a ben, e como sea forte e se suba á cabeza non coídamos si será proveitosa ou non.

—O pobo é como un ueno que si non tén quien o guie é capás de votarse d' un principio.

—Ah; pois tocante á eso xa podemos rompermos a cabeza; qu' ó noso país comun boa ánsia se lle dá.

—Non ch' é así o goberno francés, pois segun el lér onte n'un preódeco, ofresce 50.000 francos á quien invente un medio sencillo pra descubrir as adulteracíos d' os villos.

—Ai, ho! sabes que n-eso está mais adiantada a nosa terra, pois non hay arriero que deixe de saber cen mil mescolanzas, y-está tan enteirado qu' ó velo n-o vase xa sabe si ten sangre de carneiro, fuchina, campeche, etc., etc.; vaya, os gabachos, pol-o visto, por medida de rufamento queren saber a *química ampliada*, elogo, metemos máis máslas d' as qu' ainda nos meten, poi que se furíquen, qu' en pol-a miña parte direi que mal podemos entender d' adulteracíos cando tod' o que tem a é puro.

—E si non fose puro, ¿cóm' habia de convertirse en sangre de Cristo n-a consagración? pois estaria bonito que Deus se fixese de sangre de carneiro, de tintura de vieiro, y-en fin, de purrela.

—Esa é farinha d' outro costal e calémola, que doutor ten a santa naí a Irexia qu' podrán contestar.

—Pro si son doutores com' o crego de.... (xa n't entendes).

—Deixa o can eo-a roca, oh, non te metas eo-éles que teñen más poder que tí e furricante de calquera xeito, e por de contado son protexidos por o goberno e tí ou serás ou non, segun o barómetro d' a tua faltri-queira.

—Oh, si se toca eso d' estones perderei sempre, e d' o mesmo modo todolos labregos de Galicia.

—Non che di eso a prensa gallega.

—¿Y-a prensa trata d' os intereses d' o país?

—E ainda o sabes agora?

—Home, nunca o soupen abofellas: eu pensei qu' eses *preciosos* ou preódecos se facian tan soilo pr' adivirtir á xente, e qu' o que menos se coídaban era d' a causa pública e d'a sorte d' as crases produtoras.

—Cáta que demo, non vas descarrido, pro tés qu' entender que si defende o pobo e pradica é pra o saco, quer decir que aquél ten o direito que lle dan ou illimpoñen d' elexir deputados (con perdon sea dito).

—Cala, xa entendo, dempois o deputado aquel dalles un empreguiño pra que vivan sobre o país que defenderon por tod' o alto.

—¡A-já-já!

—Sigue agora co-a tua relacion, que de pamplinas e pantomimas teñó xa as orellas cheas.

—Pois o que che vou á contar non é menos, Farruco: figúrate qu' o tal diario titulado repubricense, ou furrica, di: "418.465 fincas hay embargadas en toda España por falta de pago d' ns contribucíos. N-a provincia d' Ourense, Lugo, Pontevedra e Cruña nin unha sola".

—E ti amocarasme?

—Si non o oín lér que revente, e ainda mais, que todo se derretia n-eso que chaman comentarios, pra ensalzar co-ese mor o noso país.

—Mala muxiga ch' o queime, langrán! ¿e que sabe ese liome de mundo? debe estar ceguño com' as toupas; si soupera Gutamberg en que mans ch' anda o seu padreiro faría cera e pavilo de moitas imprentas d' España; y-o condenicado non sospeitará siquera que Galicia é a mais cargada de trabucos, a mais empeñada e a mais probe? Que veña aquí ó noso partido e verá, non tan solo duas centas fincas embargadas, sinón vendidas moitas d' elas pra satisfacer a contribucion.

—Así din moitas cousas eses mintireiros que se ponen á defensores d' os dereitos d' o país, cando en realidá iloran o qu' é dereito y-o qu' é país.

—Ai, Fuquillo, quen nos dera unha escoba barreira pra limpar tanta remazúa como anda ó noso de-rredor!

—Xa a teremos cando menos se pense.

—Dios t' oya.

—Vamos entrementras á votal-a caña, ó menos xa que nos quitan o pan matemel-o gusano, mais que nos chamen borrachos.

—Estamos n-o sigro d' os adiantos, y-o comer pan e chicha faise moi material: d' hoxe mais manteremo, nos de líquidos revoltos con ilusións.

—Está boa a navalla!

CARLOS POL CAAMAÑO.

## CÁNTIGAS

### MUIÑEIRA.

I.

Sol d' as miñas espranzas, nena garrida;  
xa sabes que te quero co-a y-alma e vida,

e por tí, soasmente, si ser poidera,  
as glorias d' este mundo todal as dera,  
S' eu fora podroso, s' eu rico fora,  
un traxe che mercara, linda pastora,  
un traxe buniteiro, garrido e novo,  
com' as siñoritiñas levan n-o pobo,  
pra qu' en Arméa,  
viv' os reises, nos digan, reises d' aldea!

II.

Ti botas pan ó calcio, tamen n-o eu boto;  
tí tés catro leirillás, eu teño un coto;  
tí tés panos de seda, tamen os teño;  
tí tés alma de meiga, eu son un deño....  
Soño o-os tra-nos todos, co-él-s vivo,  
conxítraos c-o teu ramo, ramo calcio,  
e así botando fora ti os condanados,  
vivir poideremos xuntos, anamorados,  
pra qu' en Arméa,  
viv' os reises, nos digan, reises d' aldea!

III.

¡Quén te verá, rapaza, pal-o San Xoan  
ir á veirinha á veira d' o ten galán;  
levaral-o mantelo mais o pareagoas  
e a saya de picote con sete anagoas;  
eu levarei un panó, como bó mozo,  
por drento d' o chalequi, post' ó pescozo,  
que co-esta maxenza, cal doux señores,  
mirarános mil ollos cobizadores,  
pra qu' en Arméa  
viv' os reises, nos digan, reises d' aldea!

IV.

Cóoras de loureiro, ramos e rosas,  
e frorilhas d' as veigas, lindas, cheiroosas,  
botaronch' á teu paso tenras moñinas,  
encanto e alegria d' estas Mariñas.  
Foguetes e mais bombas o fogueteiro  
botariche, meu ánxei, dend' o turreiro,  
e as campás d' a parroquia ledas tocando  
saudarante por sempre ripinicando,  
pra qu' en Armea,  
viv' os reises, nos digan, reises d' aldea!

Fernando GARCIA ACUÑA

---

Ó MEU COLEGA O MÉDECO

---

RAMON PEON.

I.

Hay en Leiro (1) unha virxe moi boa  
abogada d' os males d' os ollos;  
unha especie de Douter Garrido,  
mencíñeira e que sabe de todo.

E esta virxe, qu' a quero co-a y-alma,  
candéas lévanlle moitos devotos,  
perque fai os milagros á centos....  
e sábevos moito.

Miña Santa Locía,  
Santiña de freixo,  
tí sacas catrás,

ti das lús ós cegos;  
veni' ó Papa qu' en santo concirio  
meteute n-os céos!..

II

Moitos anos fai xa que dicindo,  
quizais por falare, está tod' o pobo,  
qu' en son un diaño, qu' en son un herexe,  
e crey' o que vexo tan só c-os meus ollos.

Falacias d'o mundo,  
eu son cuase un cego;  
a lús d'a razon  
me presta o que vexo.  
¡Ay! si oubiras as faladurias,  
santiña de Leiro.

III

Adimirem' eu d' estes ditos  
que sin seren certo ten hox' este pobo;  
renego d' o mundo, e á virxe de Leiro  
co-a y-alma lle pido m'atenda o meu rogo.

Miña Santa Locía,  
Santiña de freixo,  
non teño que dárche,  
ni' un grau de centeo;  
nin cartos pr' os santos,  
nin cartos pr' os cregos;  
fai a tua voluntade, santiña,  
qu' eu sonche moi cego....

IV

A santa qu' é virxe e mais é moi boa,  
y-aló está sentada d' os céos n-o trono,  
falando n-a língoa que teñen os santos,  
oubín que surrido me dix' ó seu modo:

—Sigu' o teu camiño,  
poeta ou copreiro,  
e deixa que coman  
os frades, os cregos;  
que cad' un téñ oficio n-o mundo,  
y-eu sirvo de médeco.

Fernando GARCIA ACUÑA

---

Ó MÓR D' A LARIGIRA

---

## A BURATA D' O INFERNO

Non m' ó facile percisar con esautitú a sitoa-  
ción d' unha sima que co-este nome m' amostrou  
fai xa tempo un vello que me sirvia de guía n'unha  
pequena camiñata que tiven que facer por entre  
montañas, quén relatoume ó mesmo tempo a hes-  
toria que tratarei de relembra e trascribiros como

zipa e prida; solo si dísei qu' esta burata ter unha profundidá tal que trabalho lle mandá á quem penteada fondeada así com' o xeólogo que quixese avirigar que fenómeno a poído predocir.

Deixando, pois, as discricóns pra moitos sábeos que teñen os medios cheos de números, latitudes, lonxitudes, rectas e curvas e unha resña d' alcuras pra causas qu' existen e outras moi as que non hay, escomenzaréi a hestoria ou conto n-o mesmo orden e térmos qu' empreou o bó il·o vello, cando eu azarrándome con entrabbas más ó tronco d' un úneco pino que me trababa ó borde d'a burta mirabai con curiosidade e espanto aquela boca de mónstro que debía ter seu estómago correspondente n-o centro d' a terra.

Contábamme meu abó — qu' o oírá de boca d' o seu e así secesivamente, — qu' onde vosté vé esta burata houbo n-outros tempos un soberbio castelo qu' era o niño d' unha d' aquelas aves de rapina que se dician señores de força e coitelo, o cal tiña seu domínio en catro legoas ó redor, e in da moito mais lonxe cando posto ó frente d' un exxamo d' homes de guerra lotábase com' o lobo famento sobre os dominios alleos retornando ós seus cargado c-o botín arrincheado á punta de lanza.

Chamábanll a este o señor de Casa-Sueva, e era o último descendente de tan nobre familia e dono auseluto d' os tais dominios un home fero e despotico que non conocia respeitos divinos nin humanos cando se tratava de satisfacer as pasiós desordenadas e istintos crueles qu' axitaban seu corazón, y-era tan aborrésido como temido polos editados servos que tremían diante d' él fascinados por aquela mirada de tigre que solo se fixaba pra ameazar ou ferir.

Inla qu' estaba casado e tiña unha filla, non renunciara ás demais mulleres, pois moi ó contrario e cando as fillas e hastrás esposas d' o vasalllos tiñan a sorte de non escitar seu apetito e se lle antoxaba deshonrar algúna outra rapaza d' o alléo eido, nun se detinha hasta que pol-a forza ou pol-o engano conseguia seu ouxelo.

Pro anqu' a servidume e a tirania abaten o ánimo á xeneralidá, sempre aparece algun home que ten ben grabada n-a concencia a prépea dimitá qu' é a que dá esforzo ó corazón pra oponerse e castigar os desmás d' os tiranos.

Aló n-o fondo d' unha fraga e n' unha pequena casinha aculta baixo o raiaxe d' os ábores fixera seu niño d' amores unha xoven parexa que vivia coñacida e filis, con menos medo ó lobos d' o monte qu' á seu señor, de quien fuxiran porqu' o mesmo dia en que se casaran sinificara él sua deprabada intención d' exercer certo infame derecho sobre a noiva.

Un ano había pasado dende qu' esto alcurriña sin que persoa humana fose capás de descubrilos, cando dispuxo sua mala sorte qu' o señor de Casa-

Sueva, persigniu lo n'unha cacería á un porco bravo, pasase por diante a casa qu' habitabai, e deténdose á porta ordenou á un d' os cazadores qu' o siguian que pille auga; pro grande foi sua sorpresa e satisfacción e indo veu sair e un xerro n-a man á aquela garrida rapaza, úneca qu' hasta d' entónceas bulrara seus antoxos brutáes.

Esta pallideceu e o xerro desprendéuselle d' as mans indo á batir n-o chan donde se fixo anacos, namentras qu' o señor lambiase de gozo com' o lobo diante d' a presa que tén asegurada: despás velvuese ós d' o seu séquito que se maatiñan mudos e respetosos e ordenoulls que s' apodecirasen d' a xoven, o qu' executaron sin resistencia algúna porqu' ó sentir o contauto d' aqueles ferozes sayós caeu auincidentada.

Cando aquela partida de bandoleiros volvia as espaldas ó profanado fogar e se perdía de vista entre os ábores d' a fraga, un home gallardo e xoven camiñaba en direitura á ella entoando amorosas cantigas, namentras que malinamente marchaba diante d' él o gando qu' á ratos detiñase pra triscar a fresca herba e os tenros gromos que medraban á veira d' o sendeiro.

Aquel home, que levaba esquirolo n-o sembrante a inefable e pura alegria d' un amor correspondido, era o esposo fillo hasti o momento en qu' o muñato caera sobre seu niño d' amores pr' arrincarlle a adourada compañeira qu' era pra él o maior tesouro, a groria mais cumprida.

Algo así com' un presenteamento d' unha gran disgracia debiu pasar pol-a imaxinación d' o xoven quizais ó decatarse de que, non cal outras veces, salia sua muller á recibilo, pois de súbito suspendeu seu canto e desentendéndose d' o gando correu en direitura á casa chamando á aquela con berros desgarridores que perdiánse n-o espacio sin outra contestación qu' a d' o eco.

Cen veces rexistrrou os mais acultos rincunchos d' a fraga e outras tantas volveu á casa pra facel-o mesmo, perguntándolle ós ábores, ós penedos y-as estrelas qu' e començaban á brillar n-o céo pol-a amada d' o seu corazón: por fin unha lus veu á alumear seu entendemento, unha sospeita horrible cravóuselle n-o celebro e rechinando os dentes e pechando os puños hasta cravar as unllas n-a palma d' a man, marmulou:

—Ai, si fora él....!

E sin detérse á refreusionar mais, empuñou a bisarma e emprendeu ás carreiras o camiño d' o castelo que distaba d' ali unhas tres legoas.

Poucos momentos tardou en recorrelas: proximamente que d' estar ali enzarrada sua muller nada podia facer pra rescatala, volveu con desalento e desesperacion seus ollos ó céo como protestando d' o desamparo en que deixá a incencia e d' a forza e poder qu' otorga á mullá. Entón o sentimento d' a venganza surtiu polo coro d' o seu cora-

zón asovallando tolo seu sér, e cobizou n-aquel momento as armas qu' a Natureza dou ó tigre que lle proporcional o horrible pracer de rachár as entrañas e beber a sangre quente n-as venas mesmas que destroza.

Namentres él daba voltas e mais voltas ó redor d' o castelo, a noite foi pasando, e cando a lus d' á alborada escomenzaba á pratear as cimas d' os montes e os picos d' os torreós d' o castelo, o ponte levadizo descendeu con estrépito sobre o foso e catro homes d' armas saliron á reconocer os arredores.

A. V. T.

(Continuaráse)

### UNHA POLÈMICA.

A hestoria sagrada dá-nos razon de como Dios, despois d' haber feito pol-as suas propeas mas e d' un pouco de terra ó pirmeiro home, infundeulle n-un sopllo a y-alma; pro non nos di si logo qu' houbo feito a muller d' unha costela d' o home mentras este botaba a sesta, dotouna ou non ha dotou de y-alma somellante, omision que por mais que se sobreentenda qu' esta feiticeira metá d'o xénero humano é moralmente igoal á outra, dá mar xen á que moitos y-entrá elles un amigo meu, casado por mais sefias, c'unha muller que segun él dí lle trae a casa e os mecos revoltos, xure e perxure qu' ás mulleres non lle sal nunca a moa do xuicio.

Este tal meu amigo de quen dixen qu' abonda en tan disparatada opinon, leva dende que se casou unha anotacion diaria d' os caprichos, manías e polémecas que tivo co-a mulluer n-os vinte anos que fai se casaron, anotacion que de ser certa espantaria á calquera, pois figurán n-ela catro mil e pico d' antoxos de menor ceantia (sigindo a clasificación qu' él fai), cerca de mil seis centos antoxos criminais, quinientas manías por cousas opostas entre si, e des mil polémecas d' as qu' a metá son en pró e outra metá en contra.

—Agora e sabendo qu' a miña muller tén cincoenta anos—dime él moi trunfante despois d' amostrarne sua estadística,—¿haberá quen me diga cando lle sal a moa d' o xuicio á muller? E o qu' eu digo: si hay inmortalilá pr' as almas racionales, a muller non chega á ella, porqu' a pas d' o ceo non coadra ós seus gustos e non quedaria n-a groria titere con cabeza.

—!Xesús, María! Ti estas parvo? Porqu' á tí che salira a muller coxa non é razon pra que coxeen todal-as demais. ¿Non temos moitas mulleres ilustres pol-o talento e pol-o heroísmo, e outras más, canonizadas pol-a Eirexia?

—Eso non dí nada en conta d' o qu' eu sosteñeo. Todas esas mulleres poideron despregar talento ou santidad superficial sin que por eso tiveran mais xuiicio qu' a miña, e sin duda faciano por imitacion, cuáse com' os loros ou os monos. O xuicio revélase n-as auciós e n-o orden lóxico d' o discurso mais que n'unha verbosidá mais ou menos congruente, e en proba d' elo ahí tés a miña parenta que fá-la com' un

libro e obra como te levo dito; é caritativa co-gato que lle da un arañazo e á min qu' a manteño rómpeme a testa co-candil ou a cunca d' o caldo; cando limpia coefña sirve a comida n-os pratos sucios; si fai sol fai-me coller o paraguas e si chove dí que non é caso de botalo de perda; pol-a mañan búrlase d' as conocidas que quedaron pra vestir imáxes ou casaron mal e pol-a tarde maldice a hora en que me coneceu; hoxe reñen c'unha veciña e mañan estreitan as relacions; en fin, meu amigo, levo vinte anos de casado sin poder atopar un cabo ós xuicios d' a miña costela, y-esto corrobórame n-a créncia de que cando Deus soprou o espírito com' ainda non estaba a muller feita quedouse sin el.

—Oindote, non parece sinon que nolos homes temos a conduta tan axustada á razon que non damos un paso fora d' ela; pro si s' invirtiran os papés, e forá a tua muller a que levase a conta e razon d' os disparates que teñan feito, veríamos quen ganabá á quem.

—Eu non che nego qu' os homes incurrimos en faltas inda mais graves qu' as d' as mulleres; pro distinguense d'as d' elas en que van sempr' encamisadas á unha qu' as xustifica, anqu' este sea un vicio e esto é o contrario d' o que s' ouserva n-elas. Exemplos: si ves que reñen duas mulleres, pergúntalles o por qué, y-elas mesmas non che podran dar razon. Oyes qu' un grupo de mulleres estanse rindo hasta facer aquela diligencia; ¿terán diante unha danza de monos? ¡ca! non ay tales carneiros; rins... d' a risa. ¿Pois qué che direi d' os seus choros? Choran d' alegria, de tristeza, de gusto, de dolor; cheran si acaricián, si morden, si as tratas ben, si mal, si dan, si quitan, si enriba, si abaixa; en fin, qu' en todal-as emocions teñen bagoas pra facer encher a marea. E n-esta inconsciencia d' os af. utos ¿non descubres ti a razon d' a sin razon?

—Tí déixaste guiar por esa manía que tés metida n-a testa e que non te deixa distinguir de coores. Si pol-as auciós has de xusgar d' a racionalidá d' os séres, a humanidá quedaba moi por debaixo d' as demás especies, que como guiadas pol-o instinto obran mais conformes co-a naturaleza e pol-o tanto co-a razon.

—Déixame de metafísicas, que non teño em o meollo pra tales sotilezas. Como che teño dito, eu apóyo miña opinon en que non alcontro n-as esquirturas unha palabra referente á parte espiritual d' a muller, e á esto debeuse sin duda o despreceo con qu' a miraban os xuídios. E vamos á ver; ¿por qué pensas tú qu' anda a sociedade sempre á tumbos e c-os pés pr' arriba e a cabeza pr' abaixa? Pois heche porque anque pareza o contrario a muller manexa a batuta n-ela, e t-dolos homes altos e baixos, fracos e gordos, deixan a voluntá ós pés d' elas, e o mesmo n-a vida pública que n-a privada, créndonos os señores, non somos más qu' escravos d' os seus caprichos. Infórmate por algúns domésticos de confianza d' un pro-home político qu' apunta moi alto en España, e dirá che con' a señora tén unha gran intervención n-a causa pública; alvirtindote qu' esta intervención como solo vai encamisada á satisfacción de pequenas vanidades ou ó desejo inmoderado de lucro, os intereses d' o país levaos o d-mo. Dende que moitas mulleres seguindo a sorte de seus homes chegan á menistras ou directoras d' un ramo, n-o seu afan per-

sobrepuxar en luxo á marquesa A ou a condesa C, é cantos nagocios suicos non obrigan á facer á seu cónsorte!

—Si te ofran discurrir así moitos sabios reformadores que pertenden recabar pr' a muller todolos direitos d'o home n-a sociedá, descomulgabante.

—Já, já, Já! ¿Con que igoales direitos qu' o home, Retózame a risa n-o corpo soasmente ó pensar en qu' a miña muller fora eleutora ou elexible, abogada ou medéca; xa podian decirle que fora aeudir á un enfermo grave, qu' hastra poñerse de vint' e cinco alfileres pra parecer ben, tifia tempo á morrer ou sanar o enfermo. Pois non digo nada si chegaba n-a maxistratura á presidenta d' unha audencia: non se celebraba xuicio algun sin mísica e foguetes, e non había medo de que condenara a un bó mozo niu tampouco ausolvera á un feo, así como jdisgraciada d' a procesada que fora guapa! Seria de ver ás señoras d' o tribunal facendo dengues e-o abanico. Como eleutora, seu voto había de recaer sempre n' un direutor d' un préodeco de modas, xastre ou modista atamados e algúnhia ves n' un autor d' un libro de cocifa. Os grandes e sesudos políticos, un pouco desalixados n-o traxe, xa podian esperar sentados á qu' éla lles dira o voto. Pois, ¿e a consecuencia política d' as mulleres? Serian en política.... o que s' estilase ser, pro sempre á moitas legoas d' a democracia. O qu' habria que ver serian os chismes e marmulacions qu' andarían pol-o Congreso e o Senado con solo que duas ducias d' elexibles con faldras tiveran a representacion nacional.

Esta é unha d'as moitas polémicas que de cote e sobre o mesmo tema sosténemos este amigo (de quen non dou mais señas sinón de qu' é un home de ben) e eu, polémicas en que cutase sempre ma toca ceder, primeira porqu' estou certo de qu' é vitima d' unha manía e non me gusta combatir as ideas fixas de nadia porqu' en vez de convencer alístasse ós qu' as teñen, e outra porque verdadeiramente poucas razós se m' alcuren qu' opoñer en contra.

Un argumento, sin embargo, tifia eu pra rebatir todolos seus; pro como é d' eses que fren o amor propio, é algo pra con él por non noxalo, sin qu' este sea motivo pra que deixe de decirlo á vostedes. Eo siguiente:

Mentras qu' o home é mozo e vive n-o mundo d' as ilusíos, non alcontra nada mais espiritual qu' a muller; pro cando a cachola empeza é predocir algodon en rama e hastr' a y-alma s' apergamina, a puerelidá cuase encantadora d'a muller qu' a distingue hastra n-a velles e qu' denantes mirara como seu maior feitizo, parécela agora impropio d' entes de xuicio, porque, como dixo o outro.

“Todo é segun o coór  
d' o cristal con que se mira”  
e o cristal d' os ollos que levan xa medio sigro mirando as cousas d' este mundo, tén o coor pálido.

A. V. T.

## FUNGUÍSIRAZOS

Entr' a rua d'a Torre e a d'o Cementerio hai unha travessa ben arregada, ancha, espaciosa, a qu' por un

lado ten unha tapia alta, n-a qu' estan postos catro farós, e ó outro lado, hortas, tamen zarradas, sin qu' haixa casa algunha.

O lado d' esta rúa, hai outra tamen sin nome, sin empedrado, estreita n-a que viven unha dúzia de familias, e n-a que non hai motio tempo houbo d' alcurredur unha desgracia, d'a que todolos compañeiros s' acuaron; si alguien lle chaina rua ou calle alcúmalle, pois é unha mala corredera, e tan mala, que riñs siquera ten un farol.

O ver esto alcurredurme perguntar, si os terreos e tapia d'a pirmeira, eran d' algun d'a situacion, e queria qu' as suas patacas, desfruten da comodida que non podian as persoas que viven n-a outra rua, por ser d' oposición.

Com'as casas estaban zarradas, e por ali non había ninguen á quem perguntar, tiven que gardar a curiosidad pra outro dia, e en canto tropice c' o presidente d' a Comision de policia—si é a quem lle imprica esto d'os farós—penso perguntarlle qu' hei de facer pra que me leven un mecheiro de gas, pra coidar catro pas de rapolo que teño, pois as miñas berzas son de dios, com' as patacas d' outro calquera.

N-a prazuela d'a rua da Fita, reunense pol-as tardes un fato de rapaciños xa escruchados, que s' adeviden con xogos tan inocentes, qu' o dia menos pensado rómpenll' a cabeza non sol' ós que teñan a disgracia de pasar por xunt' á áles, si non qu' ós vecíos que nos alcontramos nas nossas casas, vamos ter que deixar as ocupacions, pra ir curarnos o hospital.

Si o señor Llamas se tomara o incomodo de mandar un d'os seus subalternos dar unhas voltas por esta rua agradeceríamosll' anque non fora mais que por non ter que votar un remendo n-a cachola.

As catro d' a tarde d' o domingo, fixo a entrada n-esta capital a bateria d' artilleria de montaña, destinad' a esta praza, en remprazo do reximento de caballeria que nos levaron.

Era esperada n-o Camiño Novo por unha moltitud de xente de todal' as erases, qu' aporveitand' a bondá da tarde e a hora do paseio, quixo xusgar por si mesma, si merescia o nome de *compensacion*, que desd' os pirmeiros días se lle don.

Dímoslls a benvenida, e queira Deus non se ll' antoxe á calquera cacique, pagar con-ela, deudas aleitorás a alguña veciña, hoxe que se di, estan preto outras aleciós.

Cando aló n-a Marina  
falau dous noivos,  
onde éla s' agacha  
chéravos moito.  
O dios Cupido,  
como é cego, meteu-se  
n' un sucio sitio.

Sesion municipal ordinaria d' o lus.—Baix' a persidencia d'o alcalde, e co-a asistencia de seis concexás, don comez' a sesion, leéndos' e aprobándos' a anta antereor.

Durant' a sesion foron entrando algúz mais hasta compretar por todos a ducia do fraude.

Douse conta d'a certificacion d'os débitos d'este municipio, a Delegacion d' hacienda, importantes 713,734 pesetas, acordando pasas' á comision respectiva.

A comision encargada, presentou os presopostos e, as condicíos, pr' o remate d' a recomposicion d'a caneria, importando 24.000 pesetas, abonand' o dous por 100, por cada quince dias que s' adianten as obras d'o prazo marcado; señalando tamen, a cantida do depósito, e cs prazos en que s' ha de facer o pago.

A peticion d'o señor Golpe, accordouse sacal' a remate o mais pronto posibre.

Concedeuse licencia pra varias obras, e aprobaronse as contas presentadas, entr' elas unha de 390 pesetas, importe dos gastos dos oficios da semana santa.

Concedeuse permiso pra establecer duas básculas automáticas, unha n-o paseio de Mendez Nuñez e outra n-a entrada de Riazor.

Autorizouse á comision de policia pra que gaste 200 peseta d'a maneria que mellor lle de Dios a entender, no arreglo de uniformes os municipias de dia.

A comision de policia propuxo, e foi aprobad' o diseño presentado pol' os señores „Patrón hermanos“ do carro qu' ha de conducir as carnes mortas, dend' o mateiro, as earnecieras.

A comision d' hacienda presentou unha memoria, acompañada do proieuto de presoposto, qu' ha de rexir no ano económico que ven de 1888 á 1889.

D' esto acuparémonos n-o número que ven.

Presentouse a esquirtura de fianza do señor Oulton e en vista d' estar compridos todol' os requisitos da lei, accordouse darrle posesion, do cargo de depositario.

Concruit' o despach' ordinario, o señor Melgar pediu a palabra, pra repitir asperguntas d'o outro dia, e dar óparescer unha satisfaccion ó señor Lamela.

Empezou ben, pro fixose algo pesado n-os seus razonamentos, e debeu tratar a cestion con mais serenidad e irse mais ó fondo, e non andar pol' as ramas, pois si queria censurar a conduta d'o alcalde ou á de calquera d' os seus compañeiros, debía facelo con mais anexia e levar a cestion ben estudiada, e non deixar qu' ~ estat' facendo uso da palabra, lle enterrumpan d'a maneria qu' o fixeron, suspendendo a sesion.

O señor Melgar, tomando esto á desaire non quixo salir pol' a porta da secretaria, e fixo pol' a do público.

A persidencia en esta ocasión, non uson da consideracion que meresco un compañero, qu' ocupa o seu posto con tanto direito, com' o que mais, e pol' o mesmo que se tratava de facer cargos, debiasielle cubrir con mais calma. Non parecia si non que se temia un voto de censura.

Si o persidente sigu' a mesma conduta con todol' os que lle fagan a oposición, de seguro ha de ter mais de un des gusto.

Cruzando rápeda aceiras  
e dando catro bordadas  
van as que, por moi saladas,  
eu chamarei as saleiras.

Cando a lus crepuscular  
puxo fiu á seu texer  
pódense admirar e ver  
feitas un brazo de mar.

Pro, ¡cómo n-ola espeta  
n-o precio d' a sua sal!  
á uns vende a arroba á real  
e á outras ll' a cobr' á peseta.

A aquél lle dá a que derrama,  
á este lle mete sal sosa,  
e ás veces é tan rumbosa  
qu' hastra leva a sal á cama.

D' a sabrosa mercancía  
non dá ó que moito s' apura,  
ni ó que ll' a axusta n-a rúa,  
nin ó qu' a merca de dia.

Nin lle pracen parroquianos  
qu' inda axustando á boa fé  
sean d' a cachola ó pé  
os futuros soberanos.

Segura d' a venda vai  
pregoando e non vendendo  
porqu' a sal vaya lambendo  
sólo o que lavita trai.

Sí á zurda terce o fuciño  
é qu' a brusa presinteu,  
si á dereita sonrieu  
pasa alguén con mais alíño.

E de ritindo a sal toda  
á veira d' o capital  
chega un dia en que sin sal  
hastra perdeu a d' a boda.

Entón vendo acongoxada  
a sua cesta valeira  
berra moi forte: „¡A saleira!“  
e a xente di: „¡desalada!“

E ó chegar á banca-rota  
toma esta razón social:  
„Comisionada d' a sal;  
por segunda man s' esprota“.

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

Rua d' a Fita, núm. 7, Cruña

## XASTERIA DE JACINTO SEOANE

Cantón Pequeno, núm. 12, baixo

N-este establecemento confeucionase toda cráde prendas de vistir pra señores e nenos, con artes gro ó último figurín d' a moda e co-a perfución, prontitú e economía que ten acreditado con sens numerosos parroquianos.

Cantón Pequeno, 12, baixo

A FULIADA

## ANUNCEOS

PAPELERIA. LITOGRAFIA

EOUXETOS D'ESQUIRTORIO

M. ROEL,  
54-Real-54

Comprato sortido en toda crías de papés de fio pra oficinas—de folla longa pra preódecos e obras—boníños papés pequenos e comestibles pra cirtas—tintas, apiceiros, prumas e tanto fai folla n-oos esquirtorios,—compretos y-alegantes útiles pra dibuxo, así como tamén artículos pra fumar.—Abondante sortido de libros moi cuquinhos pra rezar n-a eirexa siforas e siñoritas.—Libros con siguideiros pra contas.

Ista casa conta n-o seu espacioso taller c'unha dúcia de rapaces, uns que rascan n-as pedras facendo botitiñas cousas c-os lapiceiros d' aceiro, y-outros que fan botar d'as máquinas follas abondo con vistosos coores; e o mesmo fanse traballos pra oficinas civiles e d'os corpos armados, papés c-os timbres moldeados; empresos pra contas, libros siguideiros de mais ou menos follas, como fanse tamen moi boas TARXETAS braneas, de loito e con escudos d' armas ou outras alegorías. Etiquetiñas pra os feires, botellas de viño, cervezas e pr' as tendas de medicinas. Letras de xiro, cartés, cartas co-a relacion empresa pra non ter qu' esquirbir tanto n-oos comercios, esquelinhas pra noticear casamentos, e outras cousas que por ser moitas se m' esquenzen

54, calle Real, 54—A Cruña

MARIANO VAL E C.^

Santa Catalina, 17

Viños d' Aragon, Castilla,  
Blanco Chiclana, Riveiro  
e Valdepeñas.

Viños de mesa como éles  
n-os atopades n-o pobo,  
dan forza ós convalecentes,  
euran o cólera morbo,  
ós vellos dan longa vida,  
ás casadas dán refolgo  
e se contan moitos casos  
de rasucitar ós mortos.  
E o sacreto d' estas curas  
beber un neto d' mi sorbo,  
e repitindo estas tazas  
pagar ben e pedir outro.  
Pra pifar entre comidas  
o Chiclana é como un ouro,  
e onte un vello qu' o catou  
salem d' ali feito un mozo.  
NON MAIS CALVOS, qu' este viño  
fai medral-o pelo á moitos,  
si con magras de xamon  
dan unhas fregas ó estégamo.



ZAPATERIA BRIGANTINA

Domingo Tenorio e Cia.

Raudr. 48a, 13—Belanzos

Nesta comedida tenda,  
á que xusta fam' abona,  
hay canto a moda pertenda,  
bó e barato, ¡qu' é perbenda  
n'estes tempos, segun sona!

Hastrá d'o confin d'a terra  
veñen aquí os materiais;  
e aqui, co-a rutina en guerra,  
faise o calzado, á compás  
d' as nocións qu' a cencia encerra.

Estética, Xeometria  
son mayestras n-o taller,  
direutor a Natomía,  
e dáse os pés outro sér  
e ó corpo mais gallardía.

GRAN TINTORERIA D'O PALENTINO

Calle d' Orzan, 68

N-este acredatado establecemento tiñese de todolos  
colores e quitanse toda clás de manchas ás roupas, así  
de siforas como de cabaleiros; ademais lávanse cobertos  
de lan, usados ou novos, dáselles o coor que quiera  
e sácaselles o pelo; todo moi baratino e co-a prefeción  
que ten acredatado.

NON ESQUENCERSE:—Orzan, 68, Cruña.

F. G ACUÑA

ORBALLEIRAS  
poesías gallegas e  
castelanas

Véntase aquí

A FULIADA

PREÓDECO SEMANAL D' ENTERESES  
MORÁS E MATERIÁS.

Sal á lus todolos xuetes

Precio de suscripción:—Oito  
cadelos pequenos ó mes

Número solto UN can grande

EMPRENTA

DE

A. AMENECDO PONTE

Rua d'a Fit. n.º 7

Faise aquí toda clás de traballos, ben e barato.